

BASES DE ORGANIZACIÓN

VIII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE RIANXO

Artigo 1.

O Concello de Rianxo e o Club Atletismo Rianxo organizan a **VIII Carreira Popular Concello de Rianxo**, o **martes 1 de novembro de 2022**. A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e nos seguintes circuítos:

- **VIII Circuíto Provincial de Carreiras Populares**, promovido pola Deputación da Coruña.
- **V Circuíto Carreiras Populares Arousa Norte**, promovido e organizado polos Concellos que forman parte da Mancomunidade Arousa Norte: Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Artigo 2.

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 3. Categorías

- Xoubas H/M 2017-2018-2019. 3 saídas, agrupadas por ano de nacemento.
- Sardiñas H/M 2015-2016.
- Sub 10 H/M 2013-2014.
- Sub 12 H/M 2011-2012.
- Sub 14 H/M 2009-2010.
- Sub 16 H/M 2007-2008.
- Sub 18 H/M 2005-2006.
- Sub 20 H/M 2003-2004.
- Sub 23 H/M 2000-2001-2002.
- Sénior H/M de 1988 ata 1999.
- Máster 1 H/M de 1982 ata 1987.
- Máster 2 H/M de 1972 a 1981.
- Máster 3 H/M de 1962 a 1971.
- Máster 4 H/M de 1961 e anteriores.
- “Sapatilla” inclusiva Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional.

Artigo 4. Distancias e horarios

Categoría	Distancia	Horario	Percorrido	Nº voltas
Xoubas	100 m.	10:45 h.	Amarelo – 100 m.	1
Sardiñas	500 m.	11:00 h.	Verde – 500 m.	1
Sub 10	1.000 m.	11:10 h.	Verde – 500 m.	2
Sub 12	1.500 m.	11:25 h.	Azul - 750 m.	2
Sub 14	2.250 m.	11:40 h.	Azul – 750 m.	3
Sub 16	6.600 m.	12 h..	Vermello	2
“Sapatilla” inclusiva	6.600 m.	12 h..	Vermello	2
Sub 18 - Sub 20 - Sub 23 - Sénior - Máster	10.000 m.	12 h.	Vermello	3

Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 4 percorridos, aos que se darán as voltas indicadas na táboa de distancias.

1. Percorrido amarelo: 100 m.
2. Percorrido verde: 500 m.
3. Percorrido azul: 750 m.
4. Percorrido vermello: 3.333 m.

Artigo 6. Inscripcións

Prazo:

Ata o venres 28 de outubro de 2022 ás 24 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

emesports.es



Prezo inscrición:

Os prezos de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

- Gratuíto para as categorías de xoubas a cadete (Sub 16).
- 6 € nas categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23, sénior e máster.

Límite prazas: Haberá un límite de 500 inscritos na categoría absoluta (xuvénis e posteriores).

Artigo 7. Chips, cronometraxe e retirada de dorsais e chips.

Retirada de dorsais:

Na Praza Castelao o mesmo día da proba a partir das 9 h. e ata o inicio da mesma. **Os participantes no Circuíto de carreiras populares Arousa Norte 2022, terán que recoller un dorsal novo de competición en cada proba, incluída esta, co cal terán que competir.** Deberán dirixirse á zona de retirada de dorsais para recoller o dorsal e o agasallo de participación.

Cronometraxe e control por chip

Agás os participantes nas categorías xoubas e sardiñas, os demais participantes estarán controlados a través dun chip que se entregará a cada participante xunto co dorsal.

Artigo 8. Premios

A Clasificación e Premios do circuíto regúlanse no Artigo 7 do *Regulamento do V Circuíto de Carreiras Populares Barbanza Arousa*.

Na Carreira Popular Concello de Rianxo outorgaranse os seguintes:

Medallas

Medallas para todos os participantes (ata fin de existencias) nas categorías Xoubas, Sardiñas, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16.

Trofeos

Trofeo para os tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba absoluta, tanto en categoría feminina coma masculina.

Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina.

Trofeo “**Xosé Neira Hermida**” ao primeiro e primeira corredor/a local.

Trofeo ao club con mais participantes.

Premios

Premio para os tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba, tanto categoría feminina coma masculina, cos seguintes premios: 1º-150 €, 2º-100 € e 3º-50 €.



Agasallos

Os participantes nas categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23, sénior e máster recibirán un agasallo técnico.

Artigo 9. Participación de atletas de outras federacións autonómicas e estranxeiros.

Nesta proba a participación de atletas estranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do *“Reglamento para las competiciones de campo a través, marcha, ruta, trail y pista 2022”*. Máis información desta norma no ligazón: https://www.rfea.es/normas/normas_reguladoras2022.html

Artigo 10. Servizos

Servizo de gardarroupa

Pavillón polideportivo de Rianxo.

Vestiaros e Duchas

Pavillón polideportivo (homes) e Piscina Municipal (mulleres).

Aparcadoiros:

Aparcadoiro Público Municipal (gratuito), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

Publicación Resultados

emesports.es

concelloderianxo.gal

carreirasgalegas.com

Artigo 11. Outras consideracións

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou



circunstancia non contemplada neste regulamento.

En caso de cancelación do evento por causas alleas a organización, non se devolverá o importe da inscrición.

Artigo 12. Aviso Legal

L.O.P.D.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA

Este circuío pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e *ranking* popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA e RFEA.